

# TECOR SOCIETARIO TERRA CHÁ LU-10.008

## Normas zona de caza INTENSIVA

SOCIOS TECOR TERRA CHÁ	6€
NON SOCIOS TECOR TERRA CHÁ	12€

Campo enteiro (Zona intensiva): en fin de semana ou festivo mínimo 8 participantes

Medio campo (zona intensiva): en fin de semana ou festivo mínimo 5 participantes. POLA SEMANA NON HAI MÍNIMO DE PARTICIPANTES

En caso de non chegar a cifra mínima de participantes reflexada en este documento en calquera das alternativas, abonarase o importe correspondente como se asistisen o número mínimo de participantes ( 8 ou 5).

Poden participar nesta cacería mezclados SOCIOS e NON SOCIOS, pagando cada participante o que corresponda (6€ ou 12€).

A efectos do importe a pagar por participar en cacerías na zona de caza permanente, considérase socio do TECOR TERRA CHÁ a todo aquel que se acredite como tal, presentando **a tarxeta da temporada que corresponda en ese momento xunto co D.N.I.** (estar ó día no abono da tarxeta de temporada)

A Xunta Directiva en Muimenta, 26 de abril de 2014

# **TECOR SOCIETARIO TERRA CHÁ LU-10.008**

## **NORMAS DE UTILIZACIÓN E USO DA ZONA DE CAZA PERMANENTE DE BRETOÑA**

1. Non se poderá realizar uso cinexético algún nos terreos establecidos como Zona de Caza Permanente sen estar en posesión da correspondente autorización por escrito, que se poderá obter en Bretoña, na Casa Zapateiro (tlf.-982349103).
2. Na autorización figurarán os datos de tódalas persoas que formen o grupo/s que van facer uso da Zona de Caza Permanente na data referida, e a identificación e nombramento dun representante do mesmo.
3. Non se poderá obter a autorización para o uso da Zona de Caza Permanente sen previamente ter firmado o impreso de asunción de responsabilidades e deixar un número de teléfono móbil para manter o contacto se fose necesario.
4. A autorización de uso da Zona de Caza Permanente deberá ser mostrada de inmediato a calquera axente da autoridade ou a calquera persoa que se identifique como socio da entidade titular do TECOR Terra Chá, ou como propietario de terreos incluídos dentro de dita zona.
5. Se se pretende facer uso da caseta e instalación adxacente débense solicitar as chaves no momento de obter a autorización de uso. Antes das 22h do día en curso débese facer a devolución das chaves no lugar onde se recolleron (Casa Zapateiro).
6. Só poderán ser obxecto de caza aquelas especies e exemplares que previamente sexan soltados. Para xustificar a solta realizada, deberán estar en posesión en todo momento da correspondente guía de transporte.
7. Só se poderá exercer a caza sobre exemplares das seguintes especies: perdiz roxa, codorniz e faisán.
8. Os vehículos utilizados para acceder ós terreos e instalacións da Zona de Caza Permanente deben estar correctamente estacionados, asegurándose de que en ningún momento entorpezan ou obstaculicen o uso das carreteras, pistas, camiños ou accesos de calquera tipo existentes na zona. Está completamente prohibido o estacionamento de vehículos no interior das fincas cerradas ou unhas súas entradas e accesos, así como tamén o tránsito rodado polas mesmas.
9. Se é necesario retirar unha alambrada ou peche dun camino ou finca para o seu acceso, débese restituir de forma inmediata a súa situación anterior (peche inmediato).

10. Débense recoller as vainas dos cartuchos utilizados durante a cacería, así como todo residuo (plásticos, caixas, etc.) resultante do uso da zona ou das súas instalacións.
11. Débese ser respetuoso co resto de usuarios dos terreos que comprende a Zona de Caza Permanente
12. Os cans utilizados durante as cacerías deben estar en todo momento controlados, asegurándose de que non provoquen dano algún nos bens ou no gando existente na Zona de Caza Permanente.
13. Só se poderá facer lume dentro da caseta na barbacoa existente ó efecto nela.
14. Se se acaba a auga dos depósitos de auga existentes na caseta, ó finalizar o uso da mesma e devolver as chaves, débese avisar de dita circunstancia.

**O INCUMPLIMENTO DAS PRESENTES NORMAS ACARREA A INMEDIATA IMPOSIBILIDADE DE REALIZAR O USO DA ZONA DE CAZA PERMANENTE DURANTE UN PERÍODO DE TRES ANOS CONSECUTIVOS, ASÍ COMO A IMPOSICIÓN DUNHA SANCIÓN ECONÓMICA DE 30 A 600€, ADEMÁS DE CALQUERA OUTRA RESPONSABILIDADE QUE SE PUIDERA DERIVAR DOS ACTOS COMETIDOS.**

O Presidente,

Juan Antonio Yáñez Díaz